

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 30 DE XANEIRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o Desenvolvemento de Galicia.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a terraza de Sada (A Coruña).

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS
PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se aproba formular requirimento ao Goberno do Estado para que entregue á Comunidade Autónoma de Galicia unha cantidade equivalente á mensualidade do IVE non tida en conta para a liquidación correspondente ao exercicio 2017, efectivamente ingresada pola administración do Estado.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para a realización de actividades de formación en lingua galega para o ano 2020, por un importe total de cento cincuenta e nove mil douscentos dezaioito euros con sesenta e dous céntimos (159.218,62 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2020.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre as axudas para paliar os danos ocasionados pola fauna silvestre para o ano 2020 (lobo e xabaril).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación de desprendemento na AC-563 Polígono Vilar do Colo (AP-9)-Fonfría (AC-564) PQ. 0+400 e PQ. 0+500 TM Fene", de clave: AC/20/004.02, por importe total de douscentos cincuenta e seis mil cincocentos vinte euros (256.520 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reparación dos escorregamentos do terraplén nas estradas LU-621 Pobra de San Xiao - Baralla, no p.q. 7+570 e LU-622 Corvelle - Láncara, no p.q. 7+510", de clave: LU/19/192.02, por importe total de cento cinco mil euros (105.000 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Medidas de sostemento de noiros de desmonte na estrada LU-722: Becerreá - Navia de Suarna, nos p.q. 12+300 e 21+000", de clave: LU/19/191.02, por importe total de douscentos vinte mil trescentos corenta e dous euros con sesenta e tres céntimos (220.342,63 €).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre o Plan de financiamento de 2020 para o tecido empresarial galego.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre as liñas básicas do Plan de inspección de servizos sociais de Galicia para o ano 2020 e sobre o cumprimento dos obxectivos previstos no ano 2019.
- Informe sobre o novo programa de respiro para coidadores de persoas en situación de dependencia ou con discapacidade.

A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DA LEI REGULADORA DA ACCIÓN EXTERIOR E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE GALICIA

- *O texto iniciará o seu trámite parlamentario despois dun proceso no que participaron os sectores aos que vai dirixido co obxectivo de acadar un amplo consenso social e político*
- *A futura lei regulará a presenza de Galicia no exterior a través da coordinación da acción exterior galega*
- *O anteproxecto pretende abordar a participación na negociación de tratados co Estado, mellorar a atención aos galegos no exterior, consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e dotar a Galicia de maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento*
- *A norma avoga por unha política activa de acordos internacionais para defender os intereses da pesca e aposta por proxectar a marca Galicia e o Camiño de Santiago no exterior*

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe ao anteproxecto da Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia despois dunha longa tramitación na que participaron os sectores máis representativos aos que vai dirixida. O texto comezará agora o seu trámite parlamentario para a súa aprobación coa intención de manter o consenso acadado durante todo o proceso.

Trátase dunha norma pioneira que aspira a mellorar a proxección de Galicia a través da coordinación da acción exterior galega. O anteproxecto pretende tamén regular a participación galega na negociación de tratados Xunta-Estado, mellorar a atención dos galegos no exterior; consolidar a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a súa proxección nos países da lusofonía, e dotar a Galicia de maior protagonismo na cooperación para o desenvolvemento.

Ademais no ámbito dos acordos internacionais, hai un apartado específico para defender os intereses do mar no exterior, cunha política activa de acordos da UE con terceiros estados non membros para o aprovisionamento de produtos no mar e estimular acordos con estados non membros da UE para o acceso ás súas augas. No referente á imaxe exterior de Galicia, a acción exterior en materia de turismo vaise centrar na marca Galicia, e facendo especial fincapé no Camiño de Santiago.

A futura lei é resultado dun proceso de debate que comezou o 8 de febreiro de 2019 coa publicación da iniciativa no portal de transparencia da Xunta a efectos de trámite de consulta pública. O texto elaborouse coas máximas garantías de participación e transparencia co obxectivo de acadar un amplo consenso social e político. Logo da súa remisión ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, o pasado novembro o Consello Galego de Acción Exterior (CAEX) emitiu informe favorable, e o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) o aprobou por unanimidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A norma vén a aproveitar o novo marco xurídico configurado para a mellora da proxección das comunidades autónomas no exterior polas Leis 2/2014, do 25 de marzo, da Acción Exterior e do Servizo Exterior do Estado, e a 25/2014, do 27 de novembro, de Tratados e outros acordos internacionais.

Entre os seus obxectivos estratéxicos destacan a diversificación dos mercados exteriores; a captación de capital mercantil e industrial para investimentos produtivos, así como de capital humano cualificado; favorecer o retorno dos emigrantes e os seus descendentes; e afondar na execución dos obxectivos da Axenda Global de Desenvolvemento das Nacións Unidas.

O anteproxecto ocúpase da aplicación da Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX), respaldada en 2018 sen votos en contra do Parlamento, como elemento central na coordinación da acción exterior galega. A aprobación da EGAEX converteu a Galicia na primeira comunidade cunha ferramenta destas características, que prioriza a defensa dos dereitos da diáspora galega. Prevese o exame do borrador da EGAEX polo Consello da Xunta e que se aborde co Ministerio de Asuntos Exteriores.

O anteproxecto regula a maneira de negociar e executar en Galicia tratados e acordos internacionais tanto na Unión Europea como fóra do marco xurídico da UE, aspecto este último clave coa materialización do Brexit.

Ademais, régulanse distintas accións sectoriais no exterior. Así, no ámbito económico, recollese a posibilidade de que a Administración autonómica examine no primeiro trimestre de cada ano o estudo *Doing Business*, do Banco Mundial, para avaliar a implantación de medidas coas que mellorar a atracción de capital foráneo. No ámbito educativo, avogase por reforzar o apoio á internacionalización das universidades galegas para captar talentos novos.

No eido da cooperación para o desenvolvemento, mantense o compromiso orzamentario e incorpóranse especificidades co fin de dotar de maior axilidade e flexibilidade á xestión de subvencións aos axentes de cooperación para os proxectos no exterior.

Creación de novas figuras

O texto aprobado hoxe polo Consello da Xunta incorpora figuras novidasas para mellorar a atención á diáspora galega, como a creación do *Asento de galegos no exterior* con apoio nas xestións a distancia aos residentes no exterior. Ademais, as empresas no exterior poden constituír redes para aproveitar oportunidades de negocio e colaborar a través da inscrición no *Asento de empresas e profesionais galegos no exterior*. Do mesmo xeito, a Lei propón regular o *Rexistro de foráneos con intereses en Galicia*, que incluírá persoas non españolas e residentes fóra de España que teñan un especial vínculo con Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DE DECRETO QUE FACILITA A EXECUCIÓN DE OBRAS MENORES DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NAS PROXIMIDADES DOS RÍOS SEN AUTORIZACIÓN PREVIA DE AUGAS DE GALICIA

- ***Amplíase substancialmente o catálogo de actuacións que poden acometerse na franxa de 100 metros a cada lado dos ríos, só presentando unha declaración responsable***
- ***A nova regulación afecta aos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, de competencia autonómica***
- ***Elimínanse así os prazos de ata 6 meses para a execución de traballos de conservación e sinalización de estradas, pintado, retellado ou cambio de fiestras de vivendas, así como a instalación de pastores eléctricos***
- ***Suprímese tamén o prazo de 15 días entre a presentación da declaración responsable e o inicio das obras que estaba establecido para os traballos de mantemento e conservación dos cauces***
- ***Todas as actuacións incluídas no catálogo poderán comezarse desde o mesmo día da presentación da declaración responsable***
- ***Estímase que ata 500 solicitudes de autorización de obras das 1.200 que recibe anualmente Augas de Galicia poderán resolverse mediante a declaración responsable***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Decreto polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas e que facilitará a execución de obras menores de conservación e mantemento nas proximidades dos ríos da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, de competencia autonómica.

O obxectivo principal desta nova disposición normativa é ampliar o catálogo de actuacións, ata agora escasas, que se poden acometer ao carón dos leitos fluviais con só unha declaración responsable ante a Administración hidráulica da Xunta, sen ter que agardar a autorización de Augas de Galicia.

Trátase da modificación do Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, que ven a aumentar os casos nos que se pode substituír o trámite de autorización, polo de declaración responsable. Inclúense traballos menores na zona de policía dos ríos da demarcación Galicia-Costa, en xeral unha franxa de 100 metros a cada lado dos canles dos ríos.

Este cambio no regulamento introduce ademais, como novidade que os traballos menores no dominio público hidráulico poidan comezarse desde o mesmo momento da presentación da declaración responsable, o que axiliza substancialmente a súa tramitación. Ata agora, os traballos permitidos con só declaración responsable non podían comezar ata 15 días despois da presentación da dita declaración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Beneficiaránse desta redución de prazos os traballos menores que xa podían realizarse previa declaración responsable e que son as seguintes actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa:

- Retirada de árbores mortas e podas de árbores que impidan accesos ás canle ou, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.
- Retirada de árbores mortas e podas de árbores que reduzan a capacidade da canle do río.
- Retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan a canle ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación.
- Mantemento das seccións de medición de caudais das redes oficiais de estacións de medición.

Ademais, pasarán a poder executarse só con declaración responsable, sen necesidade de autorización, as seguintes actuacións menores de mantemento e conservación no dominio público hidráulico e na súa zona de policía:

- En infraestruturas, o bacheo de pistas forestais e a renovación de capas de rodadura de estradas e outras obras menores de mantemento ou de mellora da rede viaria pública tales como a renovación dos tendidos soterrados de redes de abastecemento de auga, sumidoiros, de electricidade, de gas ou de telecomunicacións, agás cando para a súa execución fosen precisos movementos de terras. Tamén, a colocación e substitución de carteis informativos ou de sinalización.
- En edificacións e vivendas, as consistentes en pintado de, revestimento e impermeabilización de fachadas, cambio de fiestras ou substitución de tellados e outras actuacións de similares características que en ningún caso impliquen ampliación do volume.
- Os seguintes tipos de peches: pastor eléctrico para gardar animais e permeables de malla ou similares e cunha distancia mínima entre postes de 3 m.

A Xunta, ao longo do ano, recibe unhas 1.200 solicitudes de autorizacións de obras que, en ocasións, poden saturar o servizo e adiarse na súa emisión. Coa nova normativa, a Xunta estima que entre 400 e 500 destas solicitudes poderán acollerse a esta declaración responsable, dando máis axilidade ás actuacións e centrando os esforzos nos eidos nos que resulte máis necesario actuar.

Outros cambios normativos

Este novo Decreto modifica ademais outros dous decretos. Trátase do 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, e o 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No primeiro deles actualízase a delimitación xeográfica da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, oficializando unha delimitación dixital que permite a maior precisión á determinación do territorio pertencente a esta Demarcación.

No segundo realízase un cambio de carácter meramente técnico para unificar o contido dos seus anexos I e II.

O novo proxecto de Decreto se aplicará na Demarcación Galicia- Costa, zona de Dominio Público Hidráulico dos ríos de competencia autonómica, e abrangue en torno á metade noroeste da comunidade cunha liña imaxinaria que vai dende o Val Miñor á Mariña Oriental Lucense.

A XUNTA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL A TERRAZA DE SADA

- ***Trátase dun ben sobranceiro de Galicia polos seus valores culturais e representa un caso único de conservación entre os inmobles modernistas desta tipoloxía e función na nosa comunidade***
- ***O Goberno galego da un paso máis na salvagarda e posta en valor do patrimonio da Comunidade tras a declaración o pasado ano de sete novos BIC***

O Consello da Xunta de Galicia vén de dar luz verde ao Decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC) como ben inmueble coa categoría de monumento a terraza de Sada. Trátase dun ben sobranceiro de Galicia polos seus valores culturais e representa un caso único de conservación entre os inmobles modernistas desta tipoloxía e función, de asueto e lecer, na Comunidade Autónoma. O expediente foi incoado en abril de 2018 e, no proceso, contou cos informes favorables do Consello da Cultura Galega e da Real Academia Galega de Belas Artes.

A partir da publicación deste decreto *no Diario Oficial de Galicia*, a terraza contará cun réxime que implicará a súa máxima protección e tutela, polo que a súa utilización quedará subordinada a que non se poña en perigo o monumento. Este réxime tamén implica o acceso de visitantes un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día.

Con esta declaración, a Xunta de Galicia da un paso máis na salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural da nosa comunidade, traballando na protección daqueles elementos que acreditan valores culturais sobranceiros. Como exemplo, o ano pasado o Goberno galego declarou sete novos BIC: Cova de Eirós, as técnicas construtivas da carpintaría de ribeira, a ampliación dos muíños do Folón e do Picón, o Arquivo Fotográfico Vidal, as esculturas atribuídas ao Mestre Mateo e ao seu taller da desaparecida portada exterior occidental da catedral, o castro de Santa María de Cervantes e a zona arqueolóxica de Castromao.

Ademais, nos últimos anos o Goberno galego deu importantes pasos no desenvolvemento do réxime xurídico de protección do patrimonio cultural entre os cales destaca a aprobación da Lei de patrimonio cultural autonómica, un texto garantista, eficaz e adaptado aos tempos.

Unha construción modernista

A Terraza é un testemuño único e singular dos pavillóns ou quioscos modernistas típicos dos anos 20. Comezouse a construír en 1912 no recheo do paseo de Méndez Núñez, na Coruña, sobre un deseño probablemente do arquitecto Antonio López Hernández. Foi trasladado á praia urbana de Sada entre os anos 1919 e 1920.

A linguaxe arquitectónica empregada combina a versatilidade dun espazo diáfano co emprego dun estilo radical, urbano e actual, enlazado coa tendencia europea da época e co claro obxectivo de diferenciarse da arquitectura histórica e a institucional. Non en balde os quioscos resultaban instalacións innovadoras tanto na tipoloxía arquitectónica, construtiva ou funcional coma ornamental.



A terraza está construída principalmente en madeira e vidro, coas formas e cores do modernismo. O concepto é esvelto, lixeiro, aberto e luminoso; e a decoración profusa en adornos xeométricos estilizados e voluptuosos. A medida que variaron os seus usos - sempre sociais e de ocio- o edificio foi evolucionando e ampliándose, incorporando mesmo un salón de baile diáfano rodeado de paneis acristalados de cores vivas. En calquera caso, considérase que as modificacións espaciais e funcionais realizadas ao longo da súa historia non deturpan os seus valores e a súa singularidade.

A súa tipoloxía foi orixinal pola novidade que supoñía para unha sociedade urbana o uso de espazos públicos relacionados co cambio da estrutura da cidade, das comunicacións e dos estándares da calidade de vida.

No referido aos valores arquitectónicos e artísticos, pola calidade do deseño, destacan os espazos claros e vivos, tinguidos de cores e de elementos ornamentais cunha xeometría sensual e acolledora, calidade e calidez reforzada polo exercicio artesanal da produción das pezas con que está construído. Así mesmo, valórase, no sentido etnolóxico, o feito de que a terraza é un edificio apreciado polo pobo de Sada e en Galicia en xeral, punto central do modernismo entendido como un sinal identitario, e en proceso de recuperación con actividades lúdicas e culturais periódicas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INICIO DO PROCEDEMENTO PARA RECLAMAR XUDICIALMENTE AO ESTADO O PAGO DOS 200 MILLÓNS DO IVE

- ***Comezarase polo envío ao Goberno central dun requirimento previo, tal e como se establece na Lei de xurisdición contencioso-administrativa***
- ***De non haber resposta ou ser negativa, continuaríase coa presentación dun recurso contencioso-administrativo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio do procedemento para reclamar xudicialmente ao Goberno central o pago da débeda de 200 millóns de euros correspondente ao impago da liquidación do IVE correspondente ao ano 2017.

Na reunión de hoxe, aprobouse que se formule un requirimento ante o Goberno central para que entregue a Galicia a contía que se debe, seguindo así o procedemento establecido na Lei de xurisdición contencioso-administrativa.

A partir de aí, o Goberno central ten un mes de prazo para contestar. De non haber resposta, ou ser negativa, autorizouse á Asesoría Xurídica para iniciar a reclamación pola vía xudicial, a través da presentación dun recurso contencioso-administrativo.

Xa no mes de xullo de 2018, a Xunta informou de que as entregas a conta comunicadas polo Goberno central para o ano 2019 presentaban un erro, en tanto non incluían 200 millóns de euros, isto é, só se abonaban 11 mensualidades do IVE recadado en 2017.

Galicia foi a primeira comunidade autónoma en alertar desta situación e solicitar unha reunión co Ministerio de Facenda, no que se chegou a un compromiso para solucionar este problema e estudar a aplicación dos incentivos polo cumprimento das regras fiscais, que supoñen outros 170 millóns de euros para Galicia. Ante o compromiso do Goberno central, a Xunta incluíu os 200 millóns de euros nos orzamentos de Galicia para 2019.

A día de hoxe, o Ministerio de Facenda non realizou o pago desa mensuralidade do IVE, a pesar de que foi reclamada por Galicia en varias ocasións. Ante a negativa do Goberno central a estas peticións, a Xunta inicia agora o procedemento para reclamar por vía xudicial esa contía.

MÁIS FORMACIÓN EN IGUALDADE, ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E NOVA LEXISLACIÓN PARA O PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO EN 2020

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe o Plan de formación da Escola Galega e Administración Pública (EGAP) para este ano***
- ***Durante este ano a Escola ofertará 580 cursos e 28.377 prazas destinadas en exclusiva ao persoal empregado público de Galicia***
- ***O plan deseñado pola EGAP incide un ano máis na formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero, cun total de 55 cursos nesta materia***
- ***Esta programación tamén ten como obxectivos modernizar o sector público, actualizar os coñecementos do persoal no relativo ás novidades legislativas máis recentes e atender as necesidades especializadas da Administración***
- ***Investiranse máis de 160.000 euros na organización de 30 cursos de formación en galego dirixidos a traballadores públicos***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2020. Este programa prevé a convocatoria de 580 actividades formativas e 28.377 prazas dirixidas ao persoal da Administración autonómica, local e de xustiza, ao persoal de administración e servizos das tres universidades galegas e ao persoal ao servizo das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional de Galicia. Estas cifras supoñen incrementar nun 11% o número de actividades formativas e nun 7,7% o de prazas con respecto ao plan presentado en 2019.

Un ano máis o plan formativo foi elaborado coa intención de contribuír de xeito decisivo a integrar os valores da igualdade nas diversas políticas públicas polo que se reforzou esta área coa inclusión dun total de 55 cursos, tanto transversais coma específicos. A finalidade desta medida é colaborar no fomento da igualdade entre homes e mulleres dentro da Administración pública, na loita contra a violencia de xénero e na mellora dos servizos públicos que traballan para rematar con esta lacra social.

Ademais, a programación de 2020 tamén ten como obxectivos modernizar o sector público mediante un uso eficaz das novas tecnoloxías e da aplicación de novos procedementos derivados da consolidación da administración electrónica; actualizar os coñecementos do persoal empregado público no relativo ás novidades legislativas e atender as necesidades específicas dos diferentes colectivos cunha formación especializada, deseñada para cada unha das áreas máis relevantes da Administración.

Como novidades o plan prestará unha especial atención a materias de actualidade e relevantes para a Administración como o Xacobeo 2021, a Axenda 2030 ou a Lei de administración dixital de Galicia. Ademais, a programación deste ano incidirá de xeito especial na formación de tipo práctico en materias coma a contratación pública, o procedemento administrativo ou a administración electrónica, disciplina esta última na cal se incluíron cursos sobre aplicacións específicas da Xunta de Galicia.

A formación do persoal empregado público cumpre un papel fundamental dentro da Administración pública, xa que é unha ferramenta básica na profesionalización e capacitación do seu persoal, polo que a oferta dunha programación adecuada ás súas necesidades resulta fundamental para ofrecer á cidadanía uns servizos públicos eficientes e de calidade que permitan a modernización e a transformación do sector.

Formación continua por áreas

Tendo en conta as áreas administrativas as que van dirixidos os cursos, a Administración autonómica e as entidades públicas instrumentais e Administración institucional disporán dun programa formativo común composto por 314 edicións e 11.849 prazas. Para o persoal da Administración de Xustiza, a Escola ten previsto convocar para este ano un total de 39 edicións formativas e 1.703 prazas.

Seguindo a liña instaurada nos últimos anos, a formación dirixida ao persoal das entidades locais galegas canalízase a través de dous eixes, por unha banda, a Escola convocará no 2020 as correspondentes subvencións para plans de formación das entidades locais de Galicia e por outra banda, convocará 31 actividades docentes que se traducirán en 1.430 prazas ofertadas especificamente aos empregados das devanditas entidades.

Ademais, o persoal de administración e servizos das universidades galegas poderá matricularse en 23 actividades específicas e 1.025 prazas.

Finalmente, todos os colectivos mencionados poderán acceder a un programa común de linguas estranxeiras e lingua de signos –con 47 edicións e 1.770 prazas-, de ofimática –con 40 edicións e 2.000 prazas- e de autoformación –con 86 edicións e 8.600 prazas.

Cursos de formación en galego

En paralelo, a Escola Galega de Administración Económica (EGAP) asinou un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo mediante o cal se impartirán 26 cursos de linguaxe administrativa e cinco cursos de linguaxe xurídica galega, de nivel medio e superior, dirixidos a persoal da Administración pública. En total, a Xunta investirá nestas formacións preto de 160.000 euros en 2020.

Esta iniciativa ten como principal obxectivo reforzar a capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración. A finalidade destes cursos é dar formación específica aos traballadores e traballadoras públicas na súa lingua de especialidade, o que implica un maior afondamento en aspectos gramaticais e léxicos específicos, así como en cuestións de redacción e estilo a partir do traballo coa documentación administrativa propia de cada nivel, tanto na oralidade coma na escrita.

A XUNTA DE GALICIA DUPLICA O ORZAMENTO DAS AXUDAS PARA PREVER E PALIAR OS DANOS PROVOCADOS POLO XABARIL E O LOBO, ÁS CALES DESTINA CASE TRES MILLÓNS DE EUROS

- ***O Consello da Xunta foi informado esta mañá das axudas establecidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para facer fronte ás incidencias que provoca a fauna salvaxe sobre o gando vacún, ovino, cabrún, equino e porcino e nos cultivos agrícolas***
- ***Nas vindeiras semanas publicaranse as tres ordes de subvencións para paliar os danos ocasionados polo lobo e xabaril desde outubro de 2019 e cuxo ataque fora denunciado a través do teléfono do 012, mentres que para as axudas de prevención se disporá dun mes desde a publicación da orde***

A Xunta de Galicia duplicará en 2020 o orzamento destinado ás axudas para prever e paliar os danos que provoca a fauna silvestre, o lobo e o xabaril, nas explotacións agrogandeiras da Comunidade.

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu esta mañá un informe sobre as tres liñas de actuación que establece a Consellería de Medio Ambiente para compensar os danos que provocan o lobo e o xabaril, ás cales se destina un orzamento global de case tres millóns de euros, fronte aos 1,4 destinados no anterior exercicio.

Así, nas vindeiras semanas o *Diario Oficial de Galicia* publicará as tres ordes de axudas, polas que se establece unha contía de 400.000 euros para paliar os danos producidos polo lobo, o que supón un incremento do 14% con respecto á contía de 2019; 2.241.000 euros para as axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas, liña que se incrementa nun 176%; e, por último, unha contía global de 350.000 euros para prever os danos producidos por ambas as especies, un 14% máis que na anterior convocatoria.

As axudas de compensación de danos están dirixidas aos/ás propietarios/as do gando que resulte afectado por ataques de lobos dentro da Comunidade Autónoma inscritos no Rega (Rexistro de Explotacións Gandeiras) e os agricultores inscritos no Reaga (Rexistro de Explotacións Agrarias) ou os de explotacións agrarias de autoconsumo que fosen afectados polos danos ocasionados polo xabaril. No caso das axudas para prever os danos producidos por estas especies, poderán ser beneficiarios tanto os titulares de explotacións gandeiras como agrícolas (incluídas as de autoconsumo). Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Estas axudas destinaranse a sufragar os danos producidos polo lobo que se teñan denunciado a través do teléfono 012 e que se teñan rexistrado desde o 1 de outubro de 2019 (ata o 30 de setembro de 2020); así como os danos producidos polo xabaril comunicados desde o 11 de outubro de 2019 (ata o 10 de outubro de 2020). No caso das axudas para prever os danos producidos por determinadas especies de fauna silvestre,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

deberán solicitarse no prazo dun mes contado a partir da data de entrada en vigor da orde de convocatoria.

Igual que en anteriores convocatorias, as axudas para paliar danos producidos polo lobo poderán incrementarse nun 30% cando se constaten nos concellos incluídos dentro da xona I do Plan de xestión do lobo ou aqueles concellos nos que se ten constatado reincidencia de ataques nos últimos anos e nun 10% no caso daquelas explotacións en que se teña comprobado a aplicación de medidas preventivas avaliadas de xeito favorable. Tamén serán subvencionables os gastos veterinarios, de eutanasia e animais abortados como consecuencia do acto de depredación.

En relación coas axudas para paliar os danos producidos polo xabaril, o importe variará en función do metro cadrado de superficie afectada e o tipo de cultivo e establécese en 12 céntimos para o trigo, o centeo e a pradería, 2,40 euros no caso da vide ou 3,25 para froiteiras.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE REPARACIÓN DOS DESPRENDEMENTOS CAUSADOS POLAS CHUVIAS NA ESTRADA AC-563, ENTRE VILAR DO COLO E FONFRÍA, EN FENE

- ***A actuación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade supón un investimento autonómico superior aos 256.000 euros e ten un prazo de execución de 12 semanas***
- ***Os traballos, que se atopan en execución, inclúen todas as tarefas necesarias para estabilizar os noiros nos puntos quilométricos 0+400 e 0+500, nos cales de xeito preventivo se actuou de inmediato para evitar o risco de desprendemento***

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe á declaración de emerxencia das obras necesarias para a reparación dos desprendementos causados polas intensas chuvias deste inverno na estrada autonómico AC-563, entre o polígono de vilar do Colo (AP-9) e Fonfría, no termo municipal de Fene.

Esta intervención da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade require un investimento autonómico superior aos 256.000 euros e dispón dun prazo de execución estimada de 12 semanas.

A actuación faise necesaria despois das intensas chuvias rexistradas nos meses de novembro e decembro, que causaron a saturación dos noiros sitios nos puntos quilométricos 0+400 e 0+500, o que provocou a súa mobilización.

Esta situación detectouse o pasado 7 de xaneiro de 2020, e protexéronse de forma inmediata as fendas da coroación do noiro para evitar deste xeito a entrada de auga de enxurrada que agravaría o risco de desprendemento de terras sobre a estrada.

As obras autorizadas hoxe polo executivo autonómico, que se atopan en execución, inclúen todos os traballos necesarios para a estabilización dos noiros afectados.

No noiro situado no punto quilométrico 0+400 é necesario retirar a cabeza deste e posteriormente sanear a cobertura mobilizada mediante retroescavadora telescópica, repoñer o camiño de servizo e modificar a súa pendente, canalizando as augas contra a gabia inferior do camiño de servizo.

No noiro do punto quilométrico 0+500 é preciso o saneo do material mobilizado e a construción dun muro de pé de perpiaño e recheo ata o camiño de servizo.

Finalmente, realizarase a reconstrución das gabias augas abaixo a consecuencia dos danos provocados polos arrastres de ambos os dous noiros.

Na seguinte fotografía amósanse os traballos que xa están a levar a cabo nesta estrada.



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A XUNTA ACORDA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE REPARACIÓN DOS DESLIZAMENTOS CAUSADOS POLAS CHOIVAS NAS ESTRADAS POBRA DE SAN XIAO-BARALLA E CORVELLE- LÁNCARA

- *As obras autorizadas polo Goberno galego supoñen un investimento autonómico de 105.000 euros e dispoñen dun prazo de execución de 2 meses*
- *Para proceder á estabilización da calzada no punto quilométrico 7+570 da LU-621 executaranse un muro de coeira para conter a plataforma, a reposición da obra de drenaxe transversal, así como do firme da vía e o sistema de contención*
- *Na LU-622 actuarase no punto quilométrico 7+510 para manter o camiño que dá servizo a San Vicente de Carracedo e procederase á reposición do depósito de auga que servía á vivenda máis próxima e á reconstrución do muro de peche*

O Consello da Xunta acordou hoxe autorizar as obras de emerxencia para reparar os escorregamentos causados polas intensas choivas deste inverno e que afectaron o terraplén da estrada LU-621, Pobra de San Xiao-Baralla, no punto quilométrico 7+570, e da LU-622, Corvelle (Sarria) e Láncara, no 7+510.

Segundo recolle a declaración de emerxencia autorizada polo Goberno galego, os traballos que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está xa a executar nestas dúas estradas supoñen un investimento de 105.000 euros e teñen un prazo de execución estimado de 2 meses.

A estrada LU-621 presenta un trazado sinuoso que no punto quilométrico 7+570 atravesa un noiro en terraplén suxeito por un muro de coeira e cachotaría na súa marxe dereita, que a causa das intensas choivas de decembro produciron o colapso do muro de sostemento afectando á integridade da plataforma da estrada.

Para proceder á estabilización da calzada nesta estrada, os traballos a realizar neste punto inclúen a execución dun muro de coeira para conter a propia plataforma da mesma, así como a reposición da obra de drenaxe transversal afectada, mediante a colocación dun tubo de formigón armado. Por último, procederase a reposición do firme da calzada e do sistema de contención.

Pola súa banda, a estrada LU-622 presenta tamén un trazado sinuoso que no punto quilométrico 7+510 discorre en terraplén, atopándose ao pé do mesmo un camiño que dá servizo a San Vicente de Carracedo e sobre este atopábase un depósito de auga que servía á vivenda máis próxima.

Como consecuencia das intensas e persistentes choivas rexistradas nos meses de novembro e decembro, os terreos desta ladeira víronse sobrecargados de auga, o que ocasionou un incremento de peso e, en última instancia, unha inestabilidade na ladeira que orixinou o seu deslizamento.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Neste caso, os traballos de estabilización da estrada LU-622 no punto afectado inclúen a retirada do material que afecta o camiño para poder manter o servizo á parroquia de San Vicente de Carracedo, e a realización dun muro de coeira para conter e reconstruír o terraplén da estrada e reposición da gabia para desaugadoiro da obra de drenaxe transversal en formigón para evitar futuras filtracións nela. Por último, procederase á reposición do depósito de auga afectada, así como á reconstrución do muro de peche da vivenda.

O CONSELLO DA XUNTA ACORDA A DECLARACIÓN DE EMERXENCIA DAS OBRAS DE SOSTEMENTO DE NOIROS NA ESTRADA QUE COMUNICA BECERREÁ E NAVIA DE SUARNA, AFECTADOS POLOS TEMPORAIS DE CHUVIA

- *A intervención da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade supón un investimento superior aos 220.000 euros e ten un prazo de execución de 3 meses*
- *Esta actuación é consecuencia das choivas rexistradas en novembro e decembro, que afectaron a estrada nos puntos quilométricos 12+300 e 21+000 e orixinaron o desprendemento de material e que afectaron á plataforma da vía cun corte de carril*

O Consello da Xunta vén de autorizar hoxe as obras de emerxencia para o sostemento de noiros de desmonte na estrada LU-722, que comunica as localidades de Becerreá e Navia de Suarna, afectados polos recentes temporais de chuva.

Segundo recolle a declaración de emerxencia, os traballos, que xa se están a acometer, teñen por finalidade reparar os danos causados polas chuvias rexistradas os pasados meses de novembro e decembro e que afectaron a estrada autonómica no contorno dos puntos quilométricos 12+300 e 21+000.

O investimento estimado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é superior aos 220.000 euros e as obras teñen un prazo de execución estimado de 3 meses.

A estrada LU-722 presenta un trazado a “media ladeira” e no entorno do punto quilométrico 12+300 atravesa terreos de natureza xeotécnica complicada que, a consecuencia das intensas choivas, ocasionou nos terreos un incremento de peso e a inestabilidade na ladeira, orixinando un desprendemento que afectou á plataforma da estrada cun corte de carril.

Os traballos que se van realizar tras sufrir o noiro existente na zona un desprendemento que invadiu e cortou a estrada inclúen labores previos de roza e saneamento do noiro e a execución de drens. Tamén se procederá á colocación dunha rede de cable e á instalación de bulóns.

Por outro lado, as actuacións para evitar futuros desprendementos no noiro situado no punto quilométrico 21+000 desta mesma estrada dividiranse en catro áreas, en función das diferentes características deste noiro, de altura de entre 18 e 20 metros na parte máis alta e unha lonxitude total duns 86 metros.

Deste xeito, na área máis próxima a Navia de Suarna e na zona de continuación cara a Becerreá procederase á roza da cabeceira e saneamento do noiro, instalación de malla, colocación dunha rede de cable e de bulóns.

Na zona de noiro que sufriu o desprendemento de maiores dimensións, os traballos programados polo departamento de Infraestruturas da Xunta inclúen a retirada dos restos de

mallas existentes e a instalación dunha nova de tripla torsión, unha rede de cable e de bulóns de reforzo.



A XUNTA ACHEGARÁ ESTE ANO FINANCIAMENTO A 1900 EMPREENDEDORES E PEMES PARA QUE POIDAN IMPULSAR PROXECTOS QUE MOBILIZARÁN PRETO DE 300 M€ EN GALICIA

- *O Plan de financiamento empresarial de Galicia para 2020 dispón de 103 millóns de euros para facilitar o acceso ao crédito e que na Comunidade se asenten novas empresas, de maior tamaño e máis innovadoras*
- *Enmarcado no obxectivo de contar cunha Galicia máis competitiva, o apoio financeiro da Administración autonómica ao tecido empresarial leva permitido, desde 2014, a mobilización de 1371 millóns e o impulso de máis de 12.500 proxectos, máis de 6 ao día*
- *Do total do financiamento achegado neste período, 9,4 de cada dez euros corresponden a iniciativas de autónomos e pequenas e medianas empresas*

A Xunta destina 103 millóns de euros ao Plan de financiamento empresarial de Galicia para 2020, que permitirá impulsar 1900 proxectos de emprendedores, microempresas e pemes, superando en máis do dobre os proxectos apoiados durante o pasado ano. A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape e XesGalicia, prevé mobilizar así preto de 300 millóns de euros mediante os instrumentos financeiros a medida e apoios que contribúen á creación de empresas, o crecemento das pequenas e medianas compañías no ámbito da Industria 4.0 e o apoio ás actividades innovadoras.

A través deste plan búscase facilitar o acceso ao crédito e que Galicia conte con novas empresas, de maior tamaño e máis innovadoras. É dicir, para consolidar o compromiso cunha Galicia máis competitiva. Entre os diferentes instrumentos que se poñen á disposición das empresas está o novo programa de préstamos para as auxiliares do sector naval. Esta nova liña, que achega apoios entre 50.000 e un millón de euros cun prazo de cinco anos de amortización, forma parte do programa de préstamos directos para o financiamento empresarial, que ten activo o Igape e que apoia tamén investimentos estratéxicos, transportes por estrada que usan combustibles alternativos e infraestruturas de uso compartido e proxectos impulsados por centros tecnolóxicos e asociacións empresariais. Dispón no seu conxunto dun orzamento total de 18 millóns de euros, con que se prevé impulsar 30 proxectos que mobilizarán 30 millóns de euros.

No que respecta aos instrumentos financeiros innovadores (IFI), mediante unha dotación orzamentaria de 12,2 millóns de euros, esta liña de préstamos diríxese á Industria 4.0, o emprendemento, a innovación e o sector turístico, coa previsión de apoiar durante este ano arredor de 40 iniciativas que mobilizarán 20,3 millóns de euros.

Por outra banda, a liña de avais que ten como beneficiarias as pequenas e medianas empresas, desenvolvida grazas á colaboración da Xunta e as entidades de crédito e sociedades de garantía recíproca galegas (SGR), prevese que facilite apoios a arredor de 210 proxectos cunha previsión de mobilización de 57,6 millóns de euros, a partir dunha achega de 8,8 millóns de euros.

Ademais, as iniciativas empresariais poden acceder ao financiamento de XesGalicia, que conta cos fondos de Sodiga, para incrementar o tamaño dos proxectos; Galicia Compite, para impulsar



a internacionalización e a modernización; Innova Tech, para a incorporación de novas tecnoloxías; e Iniciativas Emprendedoras, para impulsar o ecosistema de emprendemento. Con eles prevese este ano apoiar un total de 27 iniciativas.

O Plan de financiamento empresarial inclúe tamén programas de axudas que permiten que as empresas reforcen os seus fondos propios. Entre estes programas inclúense iniciativas xa consolidadas como o Galicia Investe e o Galicia Emprende, o Galicia Exporta Empresas e as axudas á dixitalización e a proxectos 4.0. Estes complementáanse con iniciativas novas como os centros de fabricación avanzada. Cunha dotación de 16 millóns de euros, esta nova liña facilitará ás pemes as infraestruturas necesarias para modernizar a industria galega, apoiando a creación de espazos de uso aberto e compartido que impulsarán a competitividade e avanzarán na implantación da Industria 4.0.

Máis de 12.000 beneficiarios desde 2014

Desde a posta en marcha en xuño de 2014 deste paquete integral de apoios, o Goberno galego facilitou o acceso ao financiamento a 12.499 empresas e autónomos, o que supón unha media diaria de máis de 6, impulsando así a mobilización de 1371 millóns de euros, preto de 250 millóns ao ano.

As diferentes liñas de axudas chegan de xeito maioritario a autónomos e pemes, que mobilizaron máis de 1250 millóns de euros, un 92% do total. Cómpre salientar tamén que 9,4 de cada 10 euros do financiamento achegado permitiron o desenvolvemento de proxectos de autónomos e pemes.

Por outra parte, o 85% dos apoios estiveron dedicados a investimentos para o desenvolvemento de 8450 proxectos empresariais, que mobilizaron máis de 1160 millóns de euros, o que supón un 85% do total mobilizado. O resto dos apoios destinouse a reforzar o capital circulante, facilitando así a mobilización de máis de 208 millóns de euros, o 15% do total.

O PLAN DE INSPECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS PARA 2020 ACENTÚA O CONTROL NA ÁREA DE MAIORES, DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA

- ***Incrementáanse un 40% os exames en equipamentos e prestacións neste campo ata os 550, practicamente un terzo do total de inspeccións previstas para este ano***
- ***Vixiarase de preto o cumprimento do réxime de prezos das residencias para evitar que se facturen ás familias 'extras' que a Administración non permite***
- ***Revisarase o 100% dos centros de menores e faranse visitas domiciliarias para comprobar o funcionamento do servizo de axuda no fogar***
- ***Elaborarase unha orde para facilitar que os usuarios dos centros poidan presentar directamente as súas queixas***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe as liñas básicas do Plan de inspeccións de servizos sociais de Galicia 2020, ademais de facer balance do cumprimento do plan do ano pasado que se pechou cun total de 1516 revisións, un 20% máis das realizadas en 2018. Neste 2020 prevese que se manteña nestas cifras, cun notable incremento do 40% nas inspeccións na área de maiores, discapacidade e dependencia.

A finalidade é garantir que en todos os centros de servizos sociais de Galicia, sexa cal sexa a súa titularidade, se ofrezca unha atención de calidade, se cumpran os dereitos dos seus usuarios e familiares, e se eviten abusos e incumprimentos da normativa. Con este obxectivo, e na procura da máxima colaboración por parte das persoas que viven o día o día dos centros, neste 2020 elaborárase unha orde para facilitar que os usuarios poidan presentar directamente á Administración autonómica as súas queixas e denuncias.

En concreto, das 1510 inspeccións que se estima que se realizarán ao longo desta anualidade, practicamente un terzo (550) levaranse a cabo en centros e servizos dirixidos ás galegas e galegos de máis idade, ás persoas con discapacidade e de atención á dependencia. De feito, o obxectivo é revisar o 65% das residencias da terceira idade, o 35% dos centros de día de maiores e das residencias de discapacidade e o 30% dos centros de día de discapacidade. Tamén ten por finalidade atender as visitas necesarias para poñer en marcha centros novos e as derivadas da tramitación de queixas.

Control de prezos

Ademais dun maior número de inspeccións, o Plan introduce importantes novidades para dar resposta ás novas necesidades que se detectan nunha área que está a experimentar unha importante expansión como é a de maiores. En concreto, realizaranse campañas específicas para asegurar que as residencias respecten escrupulosamente o patrimonio das persoas usuarias que non teñen familia próxima e seguírse de preto o cumprimento do réxime de prezos das residencias, para evitar que se facture indebidamente por 'extras' que as familias descoñecen e que a Administración non permite.

Outra novidade é a revisión da normativa dos centros de atención ás persoas maiores, documento que cómpre actualizar. E, por último, comezase a redactar un novo decreto de



ordenación e inspección dos servizos sociais de Galicia, para que os centros máis pequenos poidan abrir só cunha comunicación previa e reducir así o número de trámites que se esixen actualmente.

Centros de menores e servizo de axuda no fogar

En materia de familia e menores realizaranse 440 inspeccións co obxectivo de revisar o 100% dos centros de menores, dos puntos de encontro familiar e das entidades que xestionan adopcións internacionais, así como o 44% dos centros de atención á infancia. Tamén se verificará a correcta posta en marcha das casas niño, que este ano chegarán a todos os concellos galegos de menos de 5000 habitantes.

No campo de inclusión e servizos sociocomunitarios, o Plan prevé facer 520 inspeccións, con tres metas marcadas: revisar o 53% dos centros de inclusión e o 100% dos centros de igualdade; inspeccionar 100 empresas que prestan o servizo de axuda no fogar, a través de visitas domiciliarias e aos servizos comunitarios dos concellos; e comprobar expedientes da Risga e das axudas de inclusión social.

A XUNTA MELLORA O PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR CUNHA NOVA MODALIDADE E O INCREMENTO DAS CONTÍAS DA AXUDA

- ***O Goberno galego porá en marcha o respiro no fogar, no cal se financiará a contratación dunha coidadora profesional a domicilio para as persoas con dependencia ou discapacidade***
- ***Ademais, aumentará as achegas do respiro en residencia: eleva un 50% a axuda pública para a estadía quincenal nun centro residencial; e un 45% a subvención para estadias de fin de semana***

O Consello da Xunta deu luz verde hoxe a un novo programa de respiros familiares para as coidadoras de persoas dependentes ou con discapacidade. Este programa, que busca que as persoas coidadoras dispoñan de tempo para conciliar e descansar, dispón dun orzamento de 600.000 euros, máis do triplo do que se destinaba a estas iniciativas en anos anteriores. Con estes fondos porase en marcha unha nova modalidade, respiro no fogar, e mellorarase as contías das axudas concedidas para o respiro en residencia.

Con respecto á nova modalidade, o respiro no fogar, o Goberno galego financiará a contratación dunha coidadora profesional a domicilio para persoas con dependencia ou discapacidade, de modo que a coidadora habitual poida dispoñer dunhas horas para descansar. A través desta nova modalidade, financiaranse un máximo de 72 horas anuais, por unha contía de entre 7 e 14 euros á hora, segundo a renda per cápita da familia.

Ademais disto, melloraranse as axudas concedidas ás persoas para o respiro en residencia. A Xunta financia ás persoas con dependencia ou discapacidade estadias temporais, de fin de semana ou por un máximo de 15 días, nun centro residencial para o descanso da persoa que os coida. Neste novo programa, elévase un 50% a contía, dos 53 €/día aos 80 €/día, a axuda pública para as estadias quincenais; e aumenta un 45%, de 62 €/día a 90 €/día a axuda para estadias de fin de semana.

Poderán beneficiarse destas axudas as coidadoras non profesionais que estean ao cargo dunha persoa que teña unha discapacidade igual ou superior ao 75%, que teña un grao de dependencia II ou III ou que, aínda que non dispoña dunha valoración de dependencia ou discapacidade, conte cun informe médico e social en que se certifique que a persoa coidada necesita axuda dunha terceira persoa para desenvolver as actividades do día a día.

Serán subvencionables os respiros familiares en residencia ou no fogar que se desenvolvan entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2020. Este programa é de concorrência non competitiva, polo que as axudas se irán concedendo por orde de presentación das solicitudes.